

*A terra faise en tí,
Saleta, sutileza,
chama apaixonada
e transparente,
levidade de neve,
torrente e forza
de selva poderosa,
música de vento
entre abelairas,
raio máxico de lúa,
murmurio de regueiro,
flor de cerdeira
ou pinga de orballo
emocionada, tremendo
sobor do pálido rubor
da rosa namorada.*


Os lonxes do Solpor, 1993

Ordeamento e axuda



X Certame de poesía en lingua galega

Manuel María



Casa de Galicia en Gipuzkoa

Bases do X Certame de poesía en lingua galega

Manuel María

1- O poema estará escrito en lingua galega e terá un máximo de noventa versos e un mínimo de corenta. Admitiranse conxuntos de poemas de temática similar sempre que non excedan dos cen versos.

2- O poema enviarase nun sobre sen remitente nin indicación algunha referente á personalidade do autor ao seguinte enderezo:

Casa de Galicia en Gipuzkoa
Certame de poesía Manuel María
C/Zabaleta, 28 - baixo
20002 - Donostia/San Sebastián (Gipuzkoa)

Dentro, noutro sobre pechado, figurará exteriormente o primeiro verso do poema e no interior do mesmo sobre constará o nome, enderezo, número do DNI, teléfono e enderezo electrónico do autor. También haberá que cumplimentar e asinar a folla da LOPD que está no sitio web da Casa de Galicia (www.casagalicia.org/lopd-poesia.pdf).

Pódese mandar por email ao enderezo casagalicia@casagalicia.org co asunto “X Certame Manuel María”. Neste caso mandarase un arquivo comprimido con dúas carpetas, nunha carpeta a obra en formato PDF e na outra os datos completos do participante ademáis da folla da LOPD asinada.

3- As obras que se presenten deberán ser inéditas e permitiranse máximo dúas obras por autor.

4- Os poemas enviaranse por quintuplicado sen grampar nin encadernar antes do día 25 de setembro de 2026.

5- A organización nomeará un xurado composto por persoeiros relevantes da creación e da crítica e daranse a coñecer no momento de facerse público o fallo do xurado.

6- Os premios fallaranse o 24 de outubro de 2026.

7- Os premios consistirán en:

- 1º premio: 400 euros
- 2º premio: 200 euros
- 3º premio: 100 euros

8- Os premios publicaranse na web da Casa de Galicia en Gipuzkoa unha vez realizado o fallo por parte do xurado. Sempre que sexa posible emitirase en directo o fallo polas redes sociais (Facebook ou web).

9- O feito de participar supón aceptar a resolución do xurado así como as bases do certame. O xurado poderá declarar deserto algún premio.

10- A Casa de Galicia en Gipuzkoa resérvase os dereitos de publicar calquera dos traballos presentados ao concurso na forma ou no medio que estime axeitado.

11- Non se devolverán os orixinais.